

DECRETO

EXCMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONES DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DERIVADAS DA CONTRATACIÓN DE PERSONAL PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 27-2021, por un importe total de 6.492,11 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura as obrigas derivadas **DA CONTRATACIÓN DE PERSONAL PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS** segundo se pon de manifesto na proposta asinada polo Concelleiro de Medio Ambiente e Medio Rural, don Miguel Fernández Méndez, de data 15/06/2021.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/1059 de data 29/06/2021, así como RCMOD Ref.: 50872/2021, por importe de 6.492,11 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 6.492,11 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
16210.22799	6.492,11 €	13500.13100 13500.16000	4.747,43 € 1.744,68 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	6.492,11 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	6.492,11 €

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac6793031099862475589.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 27/2021

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.